

## PROGRAMA XORNADA

### “EDUCACIÓN INCLUSIVA: DESEÑO UNIVERSAL PARA A APRENDIZAXE E BOAS PRÁCTICAS”

Xornada homologada pola Consellería de Educación (*ORDE do 14 de maio de 2013*)

**Entidade organizadora:** Federación Down Galicia

**Data:** Sábado 26 de Outubro 2019

**Duración:** 8 horas (de 09:30 a 14:30h e de 16:00 a 19:00h)

**Lugar de realización:** Sede de Down Galicia (local Down Compostela). Rúa Alejandro Novo González, nº 1 – baixo. 15706 Santiago de Compostela.

**Persoas destinatarias:** A formación estará destinada, fundamentalmente, a todo o equipo de profesionais docentes, de orientación e directivo dos centros educativos de infantil, primaria e secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Nº prazos:** Un máximo de 100 participantes (a cubrir por orde de chegada das inscricións tendo prioridade o profesorado que se atope prestando servizo en centros sostidos con fondos públicos).

**Custe da matrícula:** Sen custe para as persoas participantes.

**Obxectivo xeral:** Contribuír a unha mellora na sensibilización e formación das persoas participantes na utilización de metodoloxías inclusivas como unha medida de atención e optimización do proceso de inclusión educativa do alumnado con maiores necesidades de apoio educativo.

#### Obxectivos específicos:

- Divulgar o enfoque de atención á diversidade e os principios que sustentan a inclusión educativa.
- Identificar enfoques, metodoloxías, técnicas, estratexias, recursos e actividades educativas comprometidas con unha educación inclusiva, aberta a todo o alumnado e orientada por valores comunitarios e democráticos.
- Reflexionar e presentar prácticas educativas sobre a andamiaxe pedagóxica e deseño de plans de acción inclusiva dende as bases da creatividade, o compromiso e a renovación e innovación pedagóxica.
- Difundir e compartir experiencias concretas baseadas en boas prácticas que garanten a inclusión e accesibilidade de persoas con necesidades de apoio educativo.
- Identificar os factores que favorecen ou dificultan unha resposta de calidade ó alumnado con maiores necesidades de apoio.
- Ofrecer criterios de reflexión para a análise do grao de inclusión do alumnado con máis necesidades de apoio nas súas aulas.



- Analizar os avances e impacto referidas á aplicación de metodoloxías inclusivas na vida do alumnado, da aula e do centro educativo en xeral.
- Facilitar ó profesorado as competencias necesarias para mellorar as estratexias metodolóxicas aplicadas na aula en pro dunha mellora da calidade educativa.
- Reflexionar sobre a implicación de outros axentes (familia, ONGs...) na Educación Inclusiva.
- Impulsar a transformación das aulas e dos centros con unha tendencia inclusiva.

## PROGRAMA DA XORNADA:

### MAÑÁ

**9:30h.** Inauguración. **Carmen Pomar Tojo**, Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional e **Delmiro Prieto González**, Presidente da Federación Down Galicia.

- **“Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual”.** **Susana Pérez Vilariño**. Mestra de Educación Infantil (Universidade de Santiago de Compostela) e Licenciada en Psicopedagogía (Universidade da Coruña). Vinculada a Teima Down Ferrol durante os últimos 15 anos, como Responsable da área de educación.

**10:00h.** **ESCOLA INCLUSIVA, enfoque práctico: Inclusión Vs Normalización, pautas DUA, universalidade, uso práctico e sinxelo de deseños accesibles.**

- **Antonio Márquez Ordóñez**, Mestre de Pedagogía Inclusiva desde hai 13 anos. Actualmente dirixe o proxecto “Aula Desigual” dedicado á formación e asesoramento a centros, docentes e institucións en materia de inclusión e pedagogía.

**11:30h.** Mesa redonda **“Boas prácticas educativas de participación de todo o alumnado nun entorno de inclusión”.**

Modera: **Antonio Márquez Ordóñez**

- Experiencia **“Recunchos dinámicos inclusivos”** baseados na metodoloxía da **Aprendizaxe Cooperativa**.
  - **José Carlos González Fernández**, Mestre, especialista en lingua estranxeira (Francés) con habilitación en Educación Musical e Educación Primaria.
- Experiencia **“Recreos Alternativos. Inclusión no Centro”.** IES Sanxenxo.
  - **Alba Fuentes Sánchez**, Licenciada en Química. Exercendo dende hai 6 anos como Directora do IES.
  - **Cristina R. Gómez Iglesias**, Licenciada en Psicoloxía (especialidade psicoloxía da educación), Xefa do departamento de orientación.
- Experiencia **“Proxecto Cociña”.**
  - **Alicia Gómez Salinas**, Mestra de Educación Infantil na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dende o ano 2005.



- Experiencia **“Teatro pola inclusión”** e **“A Orientación pola eliminación de barreiras e fomento da participación”** IES Antón Fraguas.
  - **María Dolores Sanz Lobo**, Licenciada en Filoloxía Hispánica, Pedagogía e Psicopedagogía. Actualmente profesora da ESO e Orientadora do IES Antón Fraguas.
  - **Iolanda Rodríguez Aldrei**, Licenciada en Filoloxía Galego – Portuguesa e Filoloxía Hispánica. Actualmente docente no IES Antón Fraguas.
- Experiencia **“Atención á Diversidade na Aula Taller de Cociña”**.
  - **Alejandro Rodríguez Lois**, Profesor da especialidade de Cociña en Formación Profesional de 1º e 2º Grao, Ciclos Medio e Superior, Programas de Garantía Social (PGS), Programas de Cualificación Profesional (PCPI) e actualmente do 1º Curso do Ciclo de Formación Profesional Básica de Cociña e Restauración.

**14:00h.** Debate, rogos e preguntas.

**14:30h.** Descanso.

#### TARDE

**16:00h.** Mesa de experiencias e boas prácticas no ámbito educativo.

Modera: **José Blas García Pérez**

- Experiencia EOE Pontevedra: **“Se é educación, é inclusiva”**.
  - **Mª Esther Núñez Pintos**, Mestra de Educación Infantil e Primaria, Especialista en Pedagogía Terapéutica e Licenciada en Pedagogía.
  - **Eloisa Teijeira Bautista**, Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica e Licenciada en Psicopedagogía.
- Experiencia do CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira: **“A miña escola a miña familia”**.
  - **Adelina Iglesias García**, Diplomada en maxisterio e Licenciada en Psicoloxía. Actualmente é xefa de estudos do Colexio San Xoán de Filgueira (Ferrol).
  - **Alesandra Sieiro Rodal**, Diplomada en maxisterio Educación Infantil. Actualmente é mestra de primaria no colexio de San Xoán de Filgueira e Secretaria do mesmo dende o curso 2012.
  - **Mª Amparo López Romaalde**, Diplomada en maxisterio e Licenciada en Psicoloxía, traballa no Colexio San Xoán de Filgueira sendo tamén a Orientadora deste centro.
- Experiencia **“Proxecto ERASMUS +”**. Colexio Nuestra Señora del Rosario de Arzúa.
  - **Laura Meijide Cea**, Estuda Maxisterio na especialidade de Primaria na Universidade da Coruña. No seu centro fórmase e traballa en comunidades de aprendizaxe; empregando metodoloxías activas como Aprender a Cooperar e Cooperar para aprender.



- **Andrés Pérez Ferreira**, Estuda Maxisterio na especialidade de Educación Física na Universidade de Santiago de Compostela. No seu centro fórmase e traballa en comunidades de aprendizaxe; empregando metodoloxías activas como Aprendemos a aprender cooperando e Aprendizaxe cooperativa: unha escola inclusiva.
- **Genma Rodríguez Pires**, Licenciada en Pedagogía. Dende 2007 é especialista en Atención Temperá e en Psicomotricidade. Forma parte do equipo técnico da Fundación Down Compostela como responsable da Área de Atención Temperá, participa na coordinación con centros educativos onde están escolarizadas as persoas usuarias da Área de Inclusión Educativa, e realiza tarefas de atención directa nos Programas de Psicomotricidade, Cognitivo e Novas Tecnoloxías.

**17:00h. “Innovación escríbese con i de inclusión”.**

- **José Blas García Pérez**. Licenciado en Psicopedagogía pola Universidade de Murcia e Diplomado en Profesorado de EXB pola Universidade de Murcia. Actualmente é Profesor no IES Juan Carlos I de Murcia e tamén exerce de profesor asociado ao Departamento de Organización Escolar na Facultade de Educación da Universidade de Murcia na cal participa no Grupo de Investigación, “Escola para Todos”, dirixido pola Catedrática Pilar Arnaiz.

**18:00h.** Debate, rogos e preguntas.

**18:15h.** Testemuña **“O paso pola escola. Experiencia de vida”.**

- **Juan Miguel Carballa González**, Técnico especialista en Automoción. Profesor técnico de Formación Profesional, Director do IES Montecelo e pai dunha persoa coa síndrome de Down.

**19:00h.** Clausura da xornada.

*En calquera caso, o programa será susceptible de sufrir variacións en función de como se vaia desenvolvendo a actividade.*

**DATA LÍMITE INSCRICIÓN: VENRES 18 DE OUTUBRO 2019.**

**A aceptación dos participantes estará condicionada por estrito orde de chegada das inscricións cubrindo o correspondente formulario de inscrición.**

**CONTACTO PARA A INSCRICIÓN:**

---

**Web:** [www.downgalicia.org](http://www.downgalicia.org)

**Tlf:** 981581167